



**FEDERACIÓN GALEGA  
DE TENIS DE MESA**  
Luis Ksado 17 Local 20  
36209 – Vigo (Pontevedra)  
Web: [www.fgtm.es](http://www.fgtm.es)  
E-mail: [secretariafgtm@fgtm.es](mailto:secretariafgtm@fgtm.es)  
CIF: V15149453



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE  
GALEGO**

**CIRCULAR Nº 9**

**TEMPADA 2016/2017**

# **XXV CAMPIONATO GALEGO VETERANO XXX CAMPIONATO GALEGO INFANTIL**

## **DATAS E LOCAL DE XOGO**

15 e 16 de abril de 2017.

No Pavillón do Colexio da Solaina, Rúa Cardenal Cisneros (no Barrio de Santa Icíá), Narón.

## **PROBAS A DISPUTAR CON HORARIOS**

Sábado día 15: de 9:30 a 21:00 horas:

- Galego Veterano: Individuais +40, +50, +60, +65 e feminino, Dobres masculinos +40, +50, +60 e femininos.
- Galego Infantil: Equipos masculinos e femininos.

Domingo día 16: de 9:30 a 21:00 horas:

- Galego Infantil: Individuais masculinos e femininos, dobres masculinos e femininos.
- Galego Veterano: Equipos masculinos +40, +50 e femininos.

## **SISTEMA DE XOGO**

- Veteranos: Equipos masculinos +40 anos, Copa do Mundo (3 ou máis xogadores). Equipos masculinos +50 e feminino, Corbillón (2 ou máis xogadores/as).
- Infantís: Equipos masculinos, Copa do Mundo (3 ou máis xogadores). Equipos femininos, Corbillón (2 ou máis xogadoras).
- Por grupos na 1ª fase e por eliminatorias na fase final (sempre que o número de equipos inscritos, mesas e tempo dispoñible o permitan).

Os individuais disputáranse por grupos na 1ª Fase e por eliminatorias na Fase Final.

Todos os dobres disputáranse por eliminatorias ao mellor de 5 xogos.

## **PARTICIPACIÓN**

Equipos masculinos: 12

Equipos femininos: 8

Individual Masculino: 48 xogadores

Individual feminino: 24 xogadoras

Dobres masculinos e femininos: 16 parellas

Para seleccionar os equipos que poderán tomar parte en cada campionato (co sistema de xogo Copa Swaythling), tomáranse os 3 primeiros xogadores/as de cada equipo, con máis puntuación no ránking.

Para seleccionar os equipos co sistema de xogo Corbillón, tomáranse os 2 primeiros xogadores/as de cada equipo, con máis puntuación no ránking.



**FEDERACIÓN GALEGA  
DE TENIS DE MESA**  
Luis Ksado 17 Local 20  
36209 – Vigo (Pontevedra)  
Web: [www.fgtm.es](http://www.fgtm.es)  
E-mail: [secretariafgtm@fgtm.es](mailto:secretariafgtm@fgtm.es)  
CIF: V15149453

 **XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



Os xogadores/as participantes nas probas de individuais e dobres, tomaranse tendo en conta o ránking de cada inscrito.

Poderán participar todos aqueles xogadores con licenza federada en vigor durante a tempada 2016/2017.

### **CABEZAS DE SERIE**

Os cabezas de serie tomaranse tendo en conta o rankíng.

### **DEREITOS DE INSCRIPCIÓN**

Campionato Galego Veterano:

- Equipos: 10 €.
- Individuais: 5 €
- Dobre: 5 € por parella.

Campionato Galego Infantil:

- Equipos: 7
- Individuais: 3 €
- Dobre: 3 € por parella.

Os dereitos de inscrición faranse efectivos na conta da Federación Galega: **0130/3007/70/0108038102**, enviando a continuación unha fotocopia da transferencia efectuada a José L. Cabaleiro Fernández, mail: [jlcabaleiro@hotmail.com](mailto:jlcabaleiro@hotmail.com)

Se ao finalizar a data de inscrición non se recibiu a mencionada transferencia, darase de baixa ao Club ou xogador/es implicado/s de todas as probas en que se inscribiron.

### **INSCRIPCIÓN**

Os equipos interesados en participar nestes campionatos terán que cubrir os FORMULARIOS DE INSCRIPCIÓN que se encontran na páxina web da galega, antes das 14:00 horas do día 25 de marzo de 2017.

Notas: A criterio do Xuíz Arbitro poderase xogar, na proba de equipos, en dúas mesas.

Para consultar con máis detalle todo o referente a estes campionatos pódese ir á CIRCULAR Nº6 - NORMATIVA DOS CAMPIONATOS GALEGOS, que se atopa no apartado de CIRCULARES da páxina web.

O Comité de Actividades poderá variar algunha das normas, comunicándoo coa suficiente antelación.